

REGULAMENTO DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR
APROBACIÓN PLENO: 16.05.97
EXPOSICIÓN B.O.P.: 09.10.97

EXPOSICION DE MOTIVOS

O Concello de Bóveda quere ser un lugar no que tódolos seus habitantes disfruten da convivencia.

Por eso dende o propio Concello adquirese o compromiso de promover axudas e servicios que contribúan a facer efectiva esta convivencia positiva, con especial atención a quen por circunstancias persoais i/ou familiares vexan dificultada esta convivencia no seu propio domicilio.

O servico de Axuda no Fogar que o Concello dispón dende fai varios anos, integra un conxunto de atencións orientadas a esta finalidade. Nos últimos meses este servico está inmerso nun importante proceso de mellora en cantidade e calidade das súas atencións, surxindo a necesidade de articular un regualmento que o afiance como un auténtico servico publico para os veciños e veciñas do Termo Municipal.

Por outra banda a recente iniciativa da Conselleria de Sanidade e Servicos Sociais da Xunta de Galicia, de senta-las bases legais para procura-la unificación de criterios no desenvolvemento deste servico a nivel autonómico, que queda definitivamente reflexada na ORDE DO 22 DE XULLO DE 1996 (DOG nº 7843 do 21.08.96) POLA QUE SE REGULA O SERVICIO SE AXUDA NO FOGAR, fai necesario fixar un marco normativo no que queden plasmados os seus contidos, con especial incidencia no que se refire á concreción de contidos prestacionais, dereitos e deberes dos usuarios, regualción das condicións económicas e procedemento para acceder ó servico.

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XENERAIS

ARTIGO 1º .- O BXETO

O presente regulamento terá como obxecto a regulación do Servico de Axuda no Fogar e os requisitos e procedementos necesarios para acceder o mesmo no Municipio de Bóveda.

ARTIGO 2º .- PRINCIPIOS XERAIS

O Servico de Axuda no Fogar considérase unha prestación básica e comunitaria, de carácter complementario e transitorio, orientado a restablecer e manter o benestar físico, social e psicolóxico da persoa e familia, que presenta problemas para a realización das actividades elementais da vida diaria, proporcionándolles atención directa no propio fogar, mediante intervencións específicas en aquelas tarefas cotidiáns que o usuario non poida realizar por si mesmo e que favorezan a permanencia e integración no seu entorno habitual e compensen as súas restriccións de autonomía funcional.

ARTIGO 3º .- BENEFICIARIOS

Poderá beneficiarse do Servico de Axuda no Fogar, toda a poboación, pero serán obxecto prioritario de atención aqueles cidadáns que polas súas eivas físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares teñan limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, e que precisen algunha das atencións descritas no artigo anterior, sempre e cando este sexa o recurso axeitado segundo a valoración dos profesionais dos servicos sociais de atención primaria.

Poderán ser potenciais usuarios os seguintes:

- Familias ou persoas que presentan disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha adecuada atención a domicilio.
- Personais maiores, con certo nivel de dependencia que non teñan ninguén que os atenda suficientemente e que, con esta axuda poidan continuar vivindo no seu fogar.
- Personais con minusvalidez ou incapacitadas ás que a axuda no fogar lles poida favorecer-la súa autonomía.
- Personais afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos que lles fagan precisar da axuda.
- Menores ós que haxa que coidar ou atender por ausencia dos pais ou titores, ou cando estes, por

circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos suficientemente xustificados, non poidan exercer-las súas funcións.

- Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social.

En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar, avaliada técnicamente, que xustifique a intervención do servizo.

ARTIGO 4º.- OBXETIVOS DO SERVICIO

O Servizo de Axuda no Fogar ten como obxectivo procura-la permanencia das persoas no seu entorno habitual, mellorando a calidade de vida dos usuarios na súa autonomía persoal, seguridade e relacións persoais e sociais, suplindo neste sentido a falla de familiares que poidan atender estas necesidades, ou complementando a labor da familia cando ésta non poida atender-las mesmas de forma axeitada.

O Servizo de Axuda no Fogar debe evitar ou retrasar o ingreso en centros residenciais de aquelas persoas que non o desexen ou non o necesiten, proporcionándolles unha alternativa máis acorde e normalizada a súa situación. Da mesma maneira ha de previr situacións de deterioro persoal e/ou familiar, orixinadas pola convivencia durante un tempo prolongado con persoas dependentes e que supoñan unha sobrecarga persoal.

Para isto o Servizo procurará:

- Apoiar os usuarios na realización daquelas tarefas da vida diaria que non poidan realizar por si sós, estimulando o desenrolo das súas capacidades.

- Preve-lo risco de marxinación, illamento ou abandono das persoas con autonomía limitada, fundamentalmente das que viven soas e sen apoio.

- Colaborar no seguemento dos cuidados sanitarios a domicilio, seguindo neste senso as indicacións formuladas polos centros de saúde.

- Potencia-la implantación de axudas técnicas, (teleasistencia...) e materiais...

- Complementa-las actuacións da familia.

CAPITULO II

PRESTACIÓNS E TAREFAS

ARTIGO 5. AXUDAS QUE PROPORCIONA.

As atencións e axudas que proporciona o servizo, son as seguintes:

- A. De carácter doméstico:

- Limpeza da vivenda.

- Feitura de camas.

- Repasos e aranzos de roupa de uso persoal.

- Lavado de roupa.

- Preparación de comida e compras.

- B. De atención persoal:

- Aseo persoal, incluíndo cambio de roupa, lavado de cabelo, baño se é necesario e todo aquilo que requira a hixiene habitual.

- Axuda para erguerse, deitarse, vestirse e alimentarse.

- Axuda para a inxestión e control dos medicamentos prescritos polo servizo de saúde correspondente.

- Apoio na mobilización no domicilio do usuario.

- C. De compañía:

- Acompañamentos na realización de xestións varias, que non poidan realizar por si sós. (entrega de documentos, contactos con familiares, veciños...)

- D. Psicosociais e educativas:

- Intervencións técnicas para prevenir ou superar situacións de crise ou conflitos na convivencia, así como para adestrar ós usuarios e as súas familias no manexo de fogar, reforzando as súas capacidades persoais.

- E. Atencións puntuais:

- As tarefas necesarias para a posta en marcha ou o mantemento do Servizo, como son as limpezas a fondo ou adaptacións mínimas do fogar.

ARTIGO 6º.- EXCLUSIÓN DE TAREFAS

Exclúense expresamente do Servizo de Axuda no Fogar, as seguintes tarefas:

A) - A atención a outros membros da familia que non fora contemplada expresamente na concesión do servizo e na conseguinte valoración e proposta técnica.

B) - As tarefas de carácter sanitario que conleven unha formación específica do persoal que o realice: Toma de tensión, colocar e quitar sondas, poñer inxeccións, tratamentos de úlceras e escaras, suministro de medicamentos que impliquen coñecementos específicos, e outros similares.

CAPÍTULO III

PROCEDIMENTO

ARTIGO 7º.- REQUISITOS XERAIS PARA ACCEDER Ó SERVIZO

- Estar empadroadado no Concello.
- Solicita-la prestación de axuda no fogar.
- Manifestar un estado de necesidade que faga mester este servizo.
- Reuni-las condicións familiares, sociais ,económicas e de validez persoal establecidas no baremo existente.
- Non presentar un estado de deterioro físico ou psíquico tal que necesite máis dun internamento asistido e continuado que dunha axuda no fogar.
- Residir nunha vivenda que reuna as condicións de habitabilidade mínimas, e que posibiliten a prestación do servizo cunhas garantías básicas..
- Asina-lo contrato de integración que oportunamente poida ser prescrito polo Traballador Social, e en todo caso aquel no que se comprometa a cumprir-las obrigas inherentes ó servizo, incluído o pagamento de cantidades que poideran corresponderlles.

ARTIGO 8.- TRAMITACION DAS SOLICITUDES

Os solicitantes poderán dirixirse ós Servizos Sociais do Concello, donde se lles facilitará o modelo de solicitude normalizada, que xunto coa documentación esixida presentárase no rexistro xeral do mesmo, asinada polo/la solicitante do servizo e no seu defecto polo súa representante legal ou titor. Da mesma maneira a Traballadora Social proporcionarálle información personalizada, gratuita e confidencial relacionada coa demanda do Servizo e as súas condicións, e en caso de necesidade ofrecerase apoio para que tanto a solicitude canto a documentación a presentar se realice de forma axeitada.

A documentación a adxuntar e a seguinte:

- Fotocopia do D.N.I., ou documento oficial acreditativo de identidade.
- Informe médico sobre o seu estado de saúde ou deficiencia.
- Certificado no seu caso de minusvalía daquelas persoas que a padezan, ben se trate do propio solicitante ou de persoas que convivan con él.
- Xustificante da unidade convivencial, entendendo por unidade convivencial tódalas persoas que convivan nese domicilio.
- Con carácter excepcional e en aqueles casos que o solicitante non presente a documentación acreditativa anteriormente mencionada, aportará declaración xurada ou promesa do interesado no que se faga constar a carencia absoluta de rendas familiares ou cuantía das mesmas.
- Certificado de cantos ingresos posúan (pensións. salarios, subsidios...)
- Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto certificado de facenda de non estar obrigado a declarar.

Dende Servizos Sociais, o Traballador social trala visita efectuada o domicilio de cada solicitante, confeccionará un informe técnico, no que se consideran tódalas circunstancias de necesidade ás que se refire o presente regulamento, así como a aplicación dos baremos contidos no mesmo.

Respeto das solicitudes con documentación incompleta formuladas por persoas que cumpran tódolos requisitos, os interesados serán requeridos para que no prazo de 10 días subsanen tales deficiencias, con apercibimento de que se non o fixeran, o expediente será archivado sen máis trámite. Só en casos extraordinarios que requiran unha intervención urxente, especificamente valorados como tales no Informe-proposta realizado polo Traballador Social, poderá tramitarse e resolverse unha solicitude na que falle algún dos documentos a emitir polas Administracións Públicas, co compromiso expreso de aporta-lo no prazo máis breve posible.

O informe técnico deberá conter ó menos:

- Valoración da situación persoal, socio-económica e familiar, dacordo cos baremos a tales efectos establecidos.

- No caso de ser favorable á demanda, deberá incluír as condicións nas que se prestará o servizo.
- Tarifa a aplicar.

O Alcalde ou Delegado da Alcaldía para Asuntos Sociais, á vista das solicitudes e valoración técnica emitida, resolverá cada unha delas. No caso de resolución positiva, a mesma terá a consideración de orden de alta no servizo. Se non existira dispoñibilidade pasará a integrar a lista de espera.

A resolución do Alcalde ou Delegado para Asuntos Sociais incluírá no caso de ser favorable, indicación expresa do número de horas a prestar, relación de tarefas que se levarán a cabo e tarifa que deberá aboar o solicitante. Si se trata dunha resolución desfavorable, deberá indicar expresamente as circunstancias ou incumprimentos que determinan a mesma.

Dita resolución será comunicada ó usuario, según o establecido na Lei de Procedemento Administrativo.

ARTIGO 9º.- SOBRE O TRAMITE DE URXENCIA

Recibe a consideración de " caso urxente " aquel que requira unha resposta inmediata a unha circunstancia excepcional. A súa xustificación estará motivada por:

- Presentarse a necesidade de forma imprevista.
- Situacións de alto risco.

As situacións que poden xerar a urxencia da prestación do S.A.F:

- Enfermidade gawe. (o beneficiario non ten familiares para atendelo)
- O finamento do cónxuxe ou doutra persoa que se estaba facendo cargo do beneficiario/a
- Outras causas semellantes.

Nestes casos, se procede, prestarase o S.A.F. á vez que se inicie o proceso completo para a súa aprobación polo órgano competente.

O procedemento de urxencia terá validez so mentras se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta levará consigo a extinción do S.A.F. e se é o caso pasará á lista de espera.

ARTIGO 10º.- SOBRE A REVISIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS

Nos prazos ou datas que especifique a concesión do servizo, ou sempre que se produzan circunstancias que varíen ás que deron motivo a dita concesión. O Traballador Social procederá a revisar os casos nos que se esté prestando o servizo, e si se valora oportuno poderá variar as tarefas que se realizan en base á concesión inicial, ou incluso aumentar ou reducir o nº de horas, sempre e cando este aumento ou diminución non supere o 25% das que foron concedidas, e o usuario manifieste expresamente a súa conformidade.

Se a modificación prevista superase este 25% de horas concedidas, ou senón houbera conformidade do usuario, procederase a iniciar expediente de modificación, de oficio ou a iniciativa do interesado, que será resolto polo Órgano Competente tras valoralo documentación e informes oportunos.

ARTIGO 11º .- EXTINCIÓN DO SERVICIO

1.- Constitúen causas de extinción definitiva do servizo, que supoña a perda de beneficiario do mesmo, as seguintes:

- O acadarse os obxectivos previstos no comezo do caso, e non precise por máis tempo o servizo.
- Ingresar nunha residencia ou hospital.
- Traslada-la súa residencia a outro municipio
- Non aportar as cuotas estipuladas
- Falecemento da persoa obxecto de atención.
- Que a situación poida ser asumida pola persoa ou familia.
- Obriga-la auxiliar a facer tarefas que non foron acordadas.
- Falla colaboración por parte da persoa ou familia atendida para poder levar a cabo as tarefas propostas.
- A renuncia do beneficiario.
- Ocultación ou falsedade dos datos esixidos para a súa concesión.
- Superar o mes de baixa temporal¹
- Calquera outra causa debidamente xustificada

2 .- No caso que se produza unha extinción do Servizo con carácter definitivo, será notificada

1

Constitúen causas de baixa temporal do Servizo, que non anulan a perda de condición de beneficiario do mesmo, o ingreso en Centro Hospitalario, o retraso de máis de 30 días naturais no pago que lle corresponde pola prestación do mesmo, e a ausencia da vivenda, por un período non superior a un mes, circunstancias co beneficiario ou a súa familia deberán comunicar a antes posible ó responsable do Servizo.

ó beneficiario ou a súa unidade convivencial.

CAPITULO IV

PREZO POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS

ARTIGO 12º .- PREZOS

1.- O Prezo do Servicio estará regulado por " ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO "

ARTIGO 13º .- CÁLCULO DOS INGRESOS ECONOMICOS

Para fixa-la base dos ingresos de cada unidade convivencial, terase en conta:

a)En caso de solicitantes con ingresos derivados de salarios, pensións de calquer tipo, ou calquer outra remuneración por conta allea, así como de rendas de capital, inmobles ou outros, fixarase como base de ingresos as cantidades brutas obtidas por ditos conceptos na data de concesión da prestación. do servicio, seguíndose o mesmo criterio para o seu cálculo que ó empregado para o IRPF.

b) Para solicitantes con ingresos derivados de actividades empresariais ou profesionais, fixarase como base de ingresos a declaración na data de concesión da prestación do servicio, cotexada coa declaración do IRPF do último exercicio presentada.

c) Obtida a base imponible correspondente dividirase por catorce, para obter o ingreso mensual e efectúa-las oportunas ponderacións si así procedera.

ARTIGO 14º .- REPERCUSIÓN DO PREZO SOBRE OS USUARIOS DO SERVICIO

Para obter os importes que repercutirán en cada unha das unidades convivenciais beneficiarias do Servicio, aplicarase unha porcentaxe sobre o precio/hora fixado en cada exercicio. Dita porcentaxe será determinada en función do baremo que se establece na tabla do Anexo II do presente Regulamento.

O prezo mensual a boar polas unidades convivenciais beneficiarias, será determinado no acto de concesión do servicio, e non sufrirá variación algunha agás se modifiquen as circunstancias que deron orixen a dita concesión, ou si se produce variación no numero de horas prestadas, dacordo co establecido a tales efectos no artigo 9º do presente Regulamento.

CAPITULO V

DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS

ARTIGO 15º.- DEREITOS DOS USUARIOS

Os usuarios do Servicio de Axuda no Fogar teñen derito a:

1.- Ser informados de forma correcta e puntual, respecto a todos aqueles aspectos que lle interesen en relación coa tramitación, concesión e en su caso denegación, prestación e incidencias do servicio, así como calquer outro aspecto relacionado co mesmo que poida ser do seu interés.

2.- Á correcta e dilixente prestación do servicio, conforme á concesión do mesmo e ós contidos do presente regulamento.

3.- O respecto a intimidade e a absoluta confidencialidade de cantos aspectos da súa vida persoal, familiar, económica ou social poidan ser coñecidos como consecuencia da tramitación ou prestación do servicio

ARTIGO 16º.- DEBERES DOS USUARIOS

Os usuarios do Servicio de Axuda no Fogar, teñen a obriga de:

1.- Dispensar un trato correcto ós traballadores que teñan encomendada a xestión do Servicio, e de maneira especial a quen es teñan encomendada a realización no domicilio das tarefas correspondentes.

2.- Poñer a disposición da Auxiliar de Axuda no Fogar, os útiles e materiais necesarios para a realización das tarefas domésticas e persoais asignadas.

3.- Comunicar ó Departamento de Servicios Sociais as circunstancias sobrevidas que conleven unha alteración de calquer dos aspectos da prestación do Servicio que se realice.

4.- Os usuarios e no seu efecto os familiares ou outros que se fagan cargo, están obrigados ó pagamento da aportación mensual asignada no prazo sinalado por cada servicio prestado e polos servicios asignados e non realizados pola súa causa.

A falla de pago sin causa xustificada, cando este retraso sexa superior a 60 días naturais, conlevará a suspensión do Servizo. Os 90 días de retraso no pago conlevarán a baixa definitiva no mesmo..

DISPOSICIONS ADICIONAIS

Primeira.- Facúltase a Delegación de Servizos Sociais, para resolver aquelas cuestións que, relacionadas co Servizo de Axuda no Fogar, poidan presentarse, e que non esteñan recollidas expresamente no presente Regulamento, tendo como referencia a Orde de 22 de xullo de 1996 da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Segunda.- Anualmente a Comisión de Goberno, a proposta da Alcaldía ou Delegación en Asuntos Sociais , actualizará os prezos públicos do Servizo, que deberán ser comunicados, xunto a nova aportación que de elo se derive para cada usuario, a todos eles.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento surtirá efectos a partir da data da súa publicación íntegra no B.O.P.e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación.

ANEXOS

- 1 - BAREMO DE VALORACIÓN DE CASOS
- 2 - SOLICITUDE S.A.F
- 3 - INFORME TÉCNICO
- 4 - MODELO DE CONTRATO
- 5 - MODELO DE RENUNCIA SERVICIO
- 6 - MODELO DE RENUNCIA SOLICITUDE
- 7 - DECLARACIÓN XURADA DE INGRESOS

ANEXO I

BAREMO VALORACIÓN DE CASOS

1 - CAPACIDADE DE AUTOVALEMENTO

1.1 - CAPACIDADE MOTORA:

A.- Levantarse:

- Grupo 0 : Levántase só.
- Grupo 1 : Levántase só (con dificultade).
- Grupo 2 : Levántase con axuda.
- Grupo 3 : Non se levanta.

B.- Deambular:

- Grupo 0 : Camiña só.
- Grupo 1 : Camiña só con dificultade.
- Grupo 2 : Camiña con axuda de bastón ou similar.
- Grupo 3 : Inmovilidade en cadeira de rodas ou encamado.

C.- Saír da casa:

- Grupo 0 : Sae só.
- Grupo 1 : Sae con dificultade.
- Grupo 2 : Sae con axuda.
- Grupo 3 : Non sae (non sube nin baixa escaleiras) .

1.2 - SENTIDOS :

A.- Visión :

- Grupo 0 : Boa.

- Grupo 1 : Déficit visual.
- Grupo 2 : Grave déficit visual.
- Grupo 3 : Cegueira.

B-. Audición:

- Grupo 0 : Boa.
- Grupo 1 : Déficit auditivo.
- Grupo 2 : Grave déficit auditivo.
- Grupo 3 : Xordeira.

C-. Linguaxe:

- Grupo 0 : Normal.
- Grupo 1 : Difícil de comprender.
- Grupo 2 : Incomprensible.
- Grupo 3 : Ausente.

1.3 - CAPACIDADE PSÍQUICA:

A-. Orientación tempo-espacial:

- Grupo 0: Boa.
- Grupo 1: Desorientación ocasional (leve), pérdese e confúndese a veces.
- Grupo 2: Desorientación frecuente.
- Grupo 3: Desorientación total.

B-. Memoria:

- Grupo 0 : Normal.
- Grupo 1: Retén actos recentes con dificultade. Coñece ben ás persoas aínda que esquece algunha cousa.
- Grupo 2 : Retén soamente feitos antigos. Comprende ás persoas.
- Grupo 3 : Non retén ningún feito. Demencia total con desconecemento das persoas.

C-. Comunicación:

- Grupo 0 : Normal.
- Grupo 1 : A conversa é posible pero non perfecta.
- Grupo 2 : Imposible manter unha conversa lóxica.
- Grupo 3 : Craras alteracións mentais calificadas xa de demencia.

D-. Conduta:

- Grupo 0 : Normal.
- Grupo 1 : Trastornos de carácter, sobre todo se se disgusta.
- Grupo 2 : Craras trastornos do humor.
- Grupo 3 : Descontrol total dos seus actos.

E-. Capacidade de xestión:

- Grupo 0 . Realiza as xestións só.
- Grupo 1 : Realiza as xestións só con dificultade.
- Grupo 2 : Realiza as xestións con axuda.
- Grupo 3 : Non pode realiza-las xestións.

F-. Sociabilidade:

- Grupo 0 : Mantén relacións.
- Grupo 1 : Mantén poucas relacións.
- Grupo 2 : Mantén relacións con dificultade.
- Grupo 3 : Non se relaciona.

1.4 - CUIDADOS PERSOAIS:

A-. Aseo diario:

- Grupo 0 : Só.
- Grupo 1 : Só con dificultade.
- Grupo 2 : Con axuda.
- Grupo 3 : Aseo xeral encamado.

B-. Bañarse:

- Grupo 0 : Só.
- Grupo 1 : Con axuda.
- Grupo 2 : Con axuda total.
- Grupo 3 : Imposibilidade total.

C-. Vestirse:

- Grupo 0 : Só.
- Grupo 1 : Só con dificultade.

Grupo 2 : Con axuda.

Grupo 3 : Incapaz.

D- Control de esfínteres:

Grupo 0 : Continencia total.

Grupo 1 : Incontinencia esporádica.

Grupo 2 : Incontinencia ocasional.

Grupo 3 : Incontinencia total ou permanente.

1.5 - TAREFAS DOMÉSTICAS:

A- Limpeza a domicilio:

Grupo 0 : Só.

Grupo 1 : Só con dificultade.

Grupo 2 : Con axuda (mantemento).

Grupo 3 : Non pode (diario).

B- Preparación comidas:

Grupo 0 : Só.

Grupo 1 : Só con limitacións.

Grupo 2 : Non pode preparala.

Grupo 3 : Non pode nin quentala.

C- Compra:

Grupo 0 : Só.

Grupo 1 : Con axuda ocasional.

Grupo 2 : Con axuda permanente.

Grupo 3 : Non pode face-las compras.

D- Lavado e coidado da roupa (con lavadora):

Grupo 0 : Só.

Grupo 1 : Só con dificultade.

Grupo 2 : Con axuda (orde, tender, planchar).

Grupo 3 : Non pode.

2 - FACTOR SAÚDE

Grupo 0 : Persoas con boa saúde.

Grupo 1 : Persoas con dificultades temporais de convalecencia. Grupo 2 : Persoas afectadas por enfermidade restrictiva da mobilidade (artrosis, hemiplexia etc.).

Persoas afectadas por enfermidades restrictivas da saúde mental (falla de rego, depresión).

Grupo 3 : Persoas afectadas por enfermidade restrictiva da capacidade de autocoidado.

3 - FACTOR VIVENDA

3.1 - CONDICIÓN DE HABITABILIDADE

Grupo 0 : Vivenda con certa calidade.

Grupo 1 : Vivenda cun nivel en conxunto normal ou modesto.

Grupo 2 : Vivenda con instalación eléctrica ou de auga deterioradas.

- Vivenda con papel ou pintura deteriorados ou inexistentes.

- Vivenda con barreiras arquitectónicas que dificulten a do usuario.

Grupo 3 : - Vivenda en mal estado estrutural (paredes e teitos agretados, humidade, falla de ventilación e luz natural, falla de portas e fiestras).

- Vivenda con paredes, teitos, fiestras e portas deteriorados.

3.2 - CONDICIÓN DE EQUIPAMIENTO

Grupo 0 : Equipamento de certa calidade.

Grupo 1 : Equipamento con conxunto normal ou modesto.

Grupo 2 : - Electrodomésticos ou mobiliario en mal estado.

- Carece de sistema algún de calefacción.

Grupo 3 : - Falla de mobiliario.

- Carencia de electrodomésticos básicos (frigorífico, lavadora, cociña, etc).

- Falla de baño, auga quente, luz eléctrica, etc.

3.3 - REXIME DE TENENCIA

Grupo 0 : Vivenda propia.

Grupo 1 : Vivenda alugada.

Grupo 2 : Caseiros ou similar.

Grupo 3 : Vivenda cedida en precario.

4 - FACTOR SITUACIÓN FAMILIAR

Grupo 0 : Ten familiares que viven con él e poden atendelo.

Grupo 1 : -Ten familiares ou achegados, mantén relación con eles pero non viven próximos.

- Non ten familiares con suficiente disponibilidade de tempo para a súa atención. Grupo 2 : -

Os familiares adican todo ou moito tempo á atención pero necesitan apoio nesta.

- Non ten familiares con capacidade persoal para o seu coidado.

- A unidade familiar carece de capacidade para autoorganizarse.

- Os pais ou titores están incapacitados dalgún xeito,están ausentes ou carecen de

Incompatibilidade horaria para a atención da familia

Grupo 3 : Vive só e non ten familiares nin achegados que o atendan.

5 - FACTOR ORGANIZACIÓN DA UNIDADE CONVIVENCIAL

5.1- ALIMENTACIÓN:

Grupo 0 : Adecuada.

Grupo 1 : Normal aínda que sin variedade.

Grupo 2 : - Desorganización en horarios e comidas.

- Inadecuada para a idade, enfermidade, etc.

Grupo 3 : Escasa ou pobre.

5.2- HIXIENE FAMILIAR E DO FOGAR:

Grupo 0 : Bó aspecto xeral.

Grupo 1 : Aspecto xeral descoidado.

Grupo 2 : Certa falta de hixiene persoal e/ou do fogar.

Grupo 3 : - Suciedade tanto na roupa como no corpo.

- Suciedade e desorden na vivenda.

5.3- ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA

Grupo 0 : Correcta distribución do presuposto.

Grupo 1 : Distribución incorrecta do presuposto pero non grave.

Grupo 2 : Non se cubren as necesidades básicas correctamente porque se gasta en outros bens ou produtos.

Grupo 3 : Gástase inadecuadamente o presuposto no chegando a final de mes e contraendo débedas.

6 - FACTOR RELACIÓNS SOCIAIS

Grupo 0 : - Nivel adecuado de relacións sociais.

- Con capacidade para iniciar e manter contactos interpersoais.

Grupo 1 : - Nivel medio baixo de relacións sociais.

- Leve dificultade para iniciar e manter contactos interpersoais.

Grupo 2 : - Nivel baixo de relacións sociais.

- Con serias dificultades para relacionarse.

- Recibe axuda e visitas esporádicas de amigos e veciños

pero ésto non é suficiente.

- Vive só e ten posibilidades de outra convivencia pero prefire continuar no seu domicilio.

Grupo 3 : - Nivel moi baixo de relacións sociais.

- Illamento social por motivo xeográfico,etc.

- Soedade por características persoais especiais,etc.

- Situación na que a persoa/as sofren un certo rexeitamento por mor de marxinación, etc.

7 - FACTOR ACCESIBILIDADE A SERVIZOS E EQUIPAMENTOS BÁSICOS

(CENTRO MEDICO,FARMACIA,TENDAS ALIMENTACIÓN,COMERCIOS ESPECIALIZADOS, CORREOS, ETC)

Grupo 0 : Cercanía e doado acceso ós servizos e equipamentos básicos.

Grupo 1 : Pouca distancia e accesos aceptables.

Grupo 2 : Distancia media e accesos con certas deficiencias.

Grupo 3 : Moita distancia e vías de acceso en condicións deficientes.

8 - FACTOR ECONOMICO

Grupo 0 : Renda base menor pensión mínima INSS - menor 110% SMI

Grupo 1 : Renda base maior 110% S.M.I - menor 130% SMI

Grupo 2 : Renda base maior 130% S.M.I - menor 150% SMI

Grupo 3 : Renda base maior 150% S.M.I

INDICADORES		NIVEL ALTO	NIVEL MEDIO	NIVEL BAIXO	NIVEL NULO
Capacidade de autovalemento	Capacidade motora				
	Sentidos				
	Capacidade psíquica				
	Cuidados persoais				
	Tarefas domésticas				
Factor Saúde					
Vivenda	Condicións de habitabilidade				
	Equipamento				
	Réxime de tenencia				
Situación familiar					
Organización da unidade convivencial	Alimentación				
	Hixiene familiar e do fogar				
	Administración económica				
Relacións Sociais					
Factor económico					
Accesibilidade a servizos e equipamentos básicos					

ANEXO II

SOLICITUDE DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR

D/D^a con DNI

Idade Estado Civil Domiciliado en

SOLICITA, a valoración do seu caso para a restación do Servicio de Axuda no Fogar, conforme á Normativa Municipal de aplicación deste servicio.

(EXPOSICIÓN DE ATENCIÓNS QUE SE SOLICITAN)

<input type="checkbox"/> 1. Limpeza do fogar	<input type="checkbox"/> 8. Aseo Personal
<input type="checkbox"/> 2. Cuidado de roupa	<input type="checkbox"/> 9. Compaña
<input type="checkbox"/> 3. Compras	<input type="checkbox"/> 10. Coidados socio-sanitarios
<input type="checkbox"/> 4. Preparación de comidas	<input type="checkbox"/> 11. Apoio psicosocial.
<input type="checkbox"/> 5. Actividades puntuais	<input type="checkbox"/> 12. Actividades socioculturais
<input type="checkbox"/> 6. Teleasistencia	<input type="checkbox"/> 13. Outras: Especificar
<input type="checkbox"/> 7. Paseo	

....., a de de 199...

Asdo

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE

ANEXO III

INFORME TÉCNICO

SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR
Nº EXPTE.....

DATOS DO SOLICITANTE

NOME _____ APELIDOS _____
D.N.I. _____ E.C. _____ IDADE _____ SEG. SOCIAL _____
DOMICILIO _____ TELEFONO _____

A vista da documentación aportada polo solicitante e tra-las entrevistas e visitas realizadas, emítase a seguinte valoración:

1- SITUACIÓN ECONÓMICA

R.P.C. Anual _____

2 - CAPACIDADE DE AUTOVALEMENTO

Puntos _____

3 - SAUDE

Puntos _____

4 - VIVENDA

Puntos _____

5 - SITUACIÓN FAMILIAR

Puntos _____

6 - ORGANIZACIÓN DA UNIDADE CONVIVENCIAL

Puntos _____

6 - RELACIÓNS SOCIAIS

Puntos _____

7 - ACCESIBILIDADE A RECURSOS E EQUIPAMENTOS BÁSICOS

Puntos _____

8- FACTOR ECONÓMICO

Puntos _____

TOTAL PUNTOS _____

En base os precitados antecedentes, esta Traballadora Social estima que procede:

CONCEDER A D.....
o Servicio de Axuda no Fogar solicitado, por reunir tódolos requisitos establecidos e dacordo os seguintes detalles prestacionais, aportación económica e nº de horas:

—
—
—

DENEGAR a D.....
o Servicio de Axuda no Fogar solicitado, por non reunir tódolos requisitos establecidos para tal fin e que se especifican:

—
—
—

No obstante, a Concellería Delegada adoptará a resolución que estime oportuna

Asdo:
Traballador/a Social

Bóveda,.....de.....de 199..

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE SERVICIOS SOCIAIS

Recibida a precedente instancia suscrita por D. _____ en solicitude do
Servicio de Axuda no Fogar de data : _____ deste término municipal, así como a documentación
que acompaña á mesma e, consonte ó establecido, RESOLVO:

CONCEDER A D.....
o Servicio de Axuda no Fogar solicitado, por reunir tódolos requisitos establecidos e
dacordo os seguintes detalles prestacionais, aportación económica e nº de horas:

—
—
—

DENEGAR a D.....
o Servicio de Axuda no Fogar solicitado, por non reunir tódolos requisitos establecidos
para tal fin e que se especifican:

Asdo.- Teresa Rodriguez Regueiro.
Concelleira de Servicios Sociais

Bóveda a de de 1997

ANEXO IV
MODELO DE CONTRATO DE INTEGRACIÓN

SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR
Nº de Expte.

Dacordo coa resolución da Concellería Delegada de Servicios Sociais de data _____, e en relación á solicitude de Axuda no Fogar presentada con data _____,

REUNIDOS

Dunha parte D..... con D.N.I. nº....., domiciliado enProvincia..... C/

E da outra Dª....., Delegada da Alcaldía para Asuntos Sociais deste Concello, en representación do mesmo.

DECLARAN

Cofecer e aceptar os dereitos e deberes emanados do Regulamento de Axuda no Fogar, e no seu contexto

ACORDAN

1º) O Concello , a través da Delegación de Servicios Sociais, comprométese a prestar o Servicio de Axuda no Fogar a D.

2º) A Auxiliar de Axuda a Domicilio, Dª asignada a dito servicio, realizará as seguintes tarefas:

3º) O horario de traballo será de..... horas/semana, distribuidas da seguinte forma:

4º) A Traballadora Social indicará as directrices técnicas de intervención individual, co fin de mellora-las condicións de vida de cada usuario.

D. comprométese a colaborar na aplicación de ditas medidas.

5º) O presente contrato terá vixencia dende..... hasta, sempre e cando ambas dúas partes respeten os acordos adoptados no mesmo.

6º) Como pago pola presación de Axuda a domicilio, D comprométese a aboar ó Concello a cantidade de que deberá facelo efectivo a través da súa conta bancaria.

7º) Ambas dúas partes aceptan este contrato nos términos que emanen do presente documento e no non previsto, comprométese á observación da lexislación vixente.

E para que conste, exténdese o presente por duplicado no lugar e data antes indicado.

Bóveda, ade.....de 199...

Asdo.....
Como representante do Concello

Asdo.....
O usuario ou persoa que a represente

ANEXO V
MODELO DE RENUNCIA Ó SERVICIO

SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR
Nº de Expte.:

D. _____

maior de idade, veciño de _____ e con domicilio en _____

_____ e nº de D.N. I. _____, obrando en (1) _____

_____ a V.S. expone:

Que foi beneficiario do Servicio de Axuda no Fogar, dependente da Delegación de Servicios Socias deste Concello dende _____ ata a data, e non estando interesado en seguir beneficiándose do mencionado servicio, renuncia a referenciada Axuda, poñendo en coñecemento desa Delegación para que se acorde conforme ó manifestado.

Polo que se roga a V.S. que, previos os trámites correspondentes, dígnese aceptala.
Bóveda, _____ de _____ de 199__

Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Bóveda

(1) En nome propio, como mandatario, apoderado de don.....

ANEXO VI

MODELO DE RENUNCIA Á SOLICITUDE

SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR
Nº de Expte.:

D. _____

maior de idade, veciño de _____ e con domicilio en _____

_____ e nº de D.N. I. _____, obrando en (1) _____

_____ a V.S. expone:

Que solicitando o Servicio de Axuda no Fogar, dependente da Delegación de Servicios Socias deste Concello en data _____, e non estando interesado no mesmo, renuncio á referida Axuda, poñendo en coñecemento desa Delegación para que se acorde conforme ó manifestado.

Polo que se roga a V.S. que, previos os trámites correspondentes, dígnese aceptala.
Bóveda, _____ de _____ de 199__

Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Bóveda

(1) En nome propio, como mandatario, apoderado de don.....

ANEXO VII

DECLARACIÓN XURADA

D/D^acon DNI
de estado civil, nacido en e con
domicilio enConcello de
provincia de

Declaro baixo xuramento que os ingresos económicos da unidade familiar da que formo parte,
ascenden á cantidade anual de pts.
....., a de de 199....

Asdo: